

BORRADOR DA NORMA

INDICE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1.- Obxecto da norma
- Artigo 2.- Concepto
- Artigo 3.- Modalidades de venda ambulante
- Artigo 4.- Requisitos xerais para o exercicio da actividade de venda ambulante
- Artigo 5.- Competencias municipais
- Artigo 6.- Autorizacións do exercicio da venda ambulante
- Artigo 7.- Contido da autorización
- Artigo 8.- Venda ambulante na vía pública sen posto
- Artigo 9.- Rexistro municipal de vendedores ambulantes
- Artigo 10.- Información

CAPÍTULO II. SOBRE AS MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE

SUBCAPÍTULO 1º. VENDA AMBULANTE EN MERCADOS PERIÓDICOS

- Artigo 11.- Réxime de funcionamento
- Artigo 12.- Procedemento para a obtención da autorización para a instalación dun posto nos mercados
- Artigo 13.- Validez da autorización
- Artigo 14.- Vixencia e renovación das autorizacións
- Artigo 15.- Transmisión da autorización
- Artigo 16.- Extinción da autorización
- Artigo 17.- Características especiais dos postos

SUBCAPÍTULO 2º. VENDA AMBULANTE NOS MERCADOS FIXOS

- Artigo 18.- Réxime de funcionamento

SUBCAPÍTULO 3º. VENDA AMBULANTE EN POSTOS DESMONTABLES E VÍAS PÚBLICAS AUTORIZADAS

- Artigo 19.- Réxime de funcionamento
- Artigo 20.- Rúas nas que se permite este tipo de venda

SUBCAPÍTULO 4º. VENDA AMBULANTE EN CAMIÓNS OU VEHÍCULOS TENDA

- Artigo 21.- Réxime de funcionamento

SUBCAPÍTULO 5º. VENDA DE PRODUTOS HORTOFRUTÍCOLAS DE TEMPADA POLOS
PROPIOS PRODUTORES, COÑECIDO COMO RÉXIME DAS
CAMPESIÑAS

Artigo 22.- Réxime de funcionamento

Artigo 23.- Requisitos da autorización

SUBCAPÍTULO 6º. VENDA AMBULANTE NO MARCO DAS FEIRAS CIDADÁNS

Artigo 24.- Réxime de funcionamento

CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 25.- Dereitos

Artigo 26.- Obrigacións

Artigo 27.- Réxime de pagamento da taxa municipal por ocupación de dominio
público

CAPÍTULO IV. INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 28.- Clases de infraccións

Artigo 29.- Competencia sancionadora

Artigo 30.- Sancións

Artigo 31.- Contía das multas

Artigo 32.- Gradación das sancións

Artigo 33.- Prescrición das infraccións

Disposición transitoria

Disposición derradeira primeira

Disposición derradeira segunda

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.–Obxecto da norma

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación administrativa dos requisitos, condicións e termos xerais que cómpre cumprir para o exercicio da venda fóra dun establecemento comercial, na vía pública, en terreos ou espazos abertos mediante a utilización de instalacións desmontables, transportables ou en vehículos en todo o termo municipal de Narón.

Esta ordenanza apróbase cumprindo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local), no Regulamento de bens das entidades locais (Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño), na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, así como no Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio, no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións ata o consumidor final e no RD 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

Artigo 2. –Concepto

Considérase venda ambulante ou non sedentaria, para os efectos da presente norma, aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

Artigo 3.–Modalidades de venda ambulante

As modalidades de venda ambulante permitidas no concello de Narón serán as seguintes:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: é dicir, aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadradas entre outras, as realizadas en feiras populares, feiras de produtos de segunda man e mercados.

b) Venda ambulante nos mercados fixos: aquela autorizada nos lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados de xeito habitual ou ocasional.

e) Venda ambulante en réxime das campesiñas: permíteselles a venda ás campesiñas de produtos de tempada que proveñan exclusivamente da súa horta tales como froitas, verduras, hortalizas, flores e os seus derivados.

f) Venda ambulante no marco das feiras cidadás: aquelas que non teñan ánimo de lucro e que persigan fomentar a economía circular.

Artigo 4.–Requisitos xerais para o exercicio da actividade de venda ambulante

Para o exercicio da venda ambulante esixírase, con carácter xeral, o cumprimento dos seguintes requisitos:

1º.- Ser persoa física maior de idade ou persoa xurídica legalmente constituída (sociedades mercantís ou cooperativas). As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

No caso de se autorice a unha cooperativa de traballo para desempeñar a actividade de venda ambulante para un determinado posto poderá habilitar a un máximo de un traballador/a por cada IAE de venda ambulante en que se atope de alta a cooperativa, que deberán exercitar o comercio sempre a nome da cooperativa e nunca en nome propio. Para acreditar a súa integración na cooperativa de traballo asociado deberán achegar, no seu caso, a vida laboral da Seguridade Social de cada traballador/a.

2º.- Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente de Seguridade Social e ao corrente de pago nas súas cotizacións.

3º.- Estar dado de alta na epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente de pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

4º.- Ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.

5º.- Estar en posesión , se é o caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.

6º.- Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, fosen esixibles no caso de tratarse de persoas estranxeiras.

7º.- As instalacións e maquinaria que se empreguen para os postos de venda terán que ser desmontables e reunirán, en todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, e poderase ordenar a retirada das instalacións ou maquinaria que non reúnan as devanditas características.

8º.- Estar en posesión da autorización municipal correspondente e satisfacer as taxas e/ou tributos fixados na ordenanza fiscal.

9º.-Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade mercantil coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, de que os produtos obxecto da venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas, así como de responder dos produtos que venda, de acordo todo iso co establecido pola lei e demais disposicións vixentes.

10º.- O permiso para exercer a actividade no municipio de Narón poderá ser revogado en caso de incumprimento destas condicións ou das medidas preventivas previstas para un desenvolvemento seguro da actividade.

Para o fomento de determinadas modalidades de venda ambulante, estableceranse requisitos específicos, que se desenvolverán nos apartados correspondentes.

Artigo 5.-Competencias municipais

1.º.-Correspóndelle ao Concello de Narón, dentro do seu termo municipal, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante. Así mesmo, corresponderalle a fixación das taxas que se teñan que aboar polo exercicio da actividades en dominio publico. Considéranse circunstancias preferentes para a obtención da autorización de venda:

- A situación económica do solicitante e da unidade familiar da que, se é o caso, forme parte.

- A residencia no termo municipal de NARÓN.

2.º.-O Concello de Narón resérvase a competencia de revogar ou anular a autorización concedida cando desaparezan as circunstancias ou se incumpran as causas que motivaron a súa concesión, ou se acredita o incumprimento de calquera das condicións da autorización, e pode igualmente decidir entre a retirada temporal, a revogación ou anulación definitiva da autorización. En todo caso, e antes de adoptar a resolución definitiva, concederá un prazo de 15 días hábiles para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas ao respecto. En ningún destes supostos, os titulares terán dereito a indemnización ou compensación ningunha por esta causa.

3.º.-Compételle ao Concello de NARÓN a determinación dos artigos dos que se autoriza a venda ambulante que se celebre no termo municipal de NARÓN, de conformidade coa normativa específica que regule a comercialización de cada grupo de produtos e as prohibicións específicas contidas na Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

Artigo 6.- Autorizacións do exercicio da venda ambulante

1º.- A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada pola persoa interesada ou polo representante legal, mediante instancia dirixida á alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello, na que se farán constar os seguintes datos:

a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificacións cando non coincida co habitual, número do DNI e letra de identificación fiscal (NIF), ou do pasaporte en vigor, se é o caso.

No caso de persoas xurídicas farase constar os datos do seu Certificado de identidade fiscal (CIF)

Iguais datos faranse constar cando a solicitude se formule por representante autorizado.

b) Localización na que se pretende exercer a actividade de venda.

c) Mercadorías ou artigos que pretende que sexan obxecto da venda. En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante os produtos cuxa propia normativa o prohiba e os que, debido á súa presentación ou por outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguridade. En concreto, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do carné de manipulador/a de alimentos.

d) Tempo polo que se solicita a autorización.

e) Metros cadrados ou lineais de ocupación que se solicitan

2.º.–Coa solicitude presentárase a seguinte documentación coa excepción das feiras cidadás e o réxime das campesiñas.

a) Fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou CIF do titular e das persoas autorizadas.

b) Fotografía tamaño carné da persoa que solicita a licenza e mais das persoas autorizadas.

c) Xustificante de estar inscrito/a no imposto de actividades económicas e estar ao corrente do seu pagamento.

d) Xustificante de estar inscrito/a e ao corrente do pagamento das cotizacións correspondentes á Seguridade Social.

e) Declaración expresa na que a persoa solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas, ademais de non estar incurso/a en ningún dos casos de incompatibilidade establecidos pola lexislación vixente para o exercicio do comercio.

f) Os/as cidadáns/ás que non pertencen á Unión Europea deberán acreditar, antes de ser concedida a autorización para o exercicio da actividade, que posúen o correspondente permiso de traballo por conta propia e de residencia conforme á lexislación vixente.

g) As persoas que exerzan o comercio ambulante deberán ter expostos en forma facilmente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como un enderezo para a recepción das posibles reclamacións.

h) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretende utilizar, así como do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco que tal maquinaria ou instalacións poida orixinar.

Artigo 7.–Contido da autorización

1.º.–O Concello de Narón expedirá as autorizacións en documento normalizado, no que se fará constar:

a) Os datos identificativos da persoa titular (nome e apelidos ou denominación social, enderezo e número de DNI, pasaporte ou CIF e nome e DNI das persoas autorizadas, cun máximo de dúas, ademais do titular da autorización).

- b) Modalidade de comercio ambulante para a que habilita a autorización.
- c) Localización precisa do posto coa súa correspondente identificación numérica, especificación de superficie ocupada e tipo de posto que se vaia a instalar xunto co seu horario.
- d) Produtos autorizados para a venda.
- e) De ser o caso, condicións particulares ás que se suxeita a autorización da actividade.

Artigo 8.–Venda ambulante na vía pública sen posto

Queda prohibida a venda ambulante na vía pública sen posto fixo, de mercadorías de calquera tipo, salvo que o Concello expresamente o autorice.

Artigo 9.º.–Rexistro municipal de vendedores ambulantes

1.º.–Créase o Rexistro municipal de vendedores ambulantes, que será xestionado polos servizos municipais e a inscrición neste será consecuencia inmediata da concesión da autorización municipal correspondente para o exercicio da actividade para as modalidades de venda a), b), e).

2.º.- A inscrición neste rexistro é obrigatoria con carácter previo á solicitude de calquera autorización municipal, para o exercicio da venda ambulante no territorio do concello de Narón.

3.º.–Realizada a inscrición, expediráselle ao comerciante inscrito un carné profesional de vendedor ambulante, cunha vixencia máxima dun ano.

4.º.–O contido do carné profesional deberá ser:

- a) Identificación do titular xunto coa súa fotografía
- b) Período de vixencia.
- c) Descrición literal da epígrafe fiscal na que figura dado de alta.
- d) Número de rexistro e selo da dependencia municipal

Artigo 10.- Información

O/a comerciante deberá ter exposto en forma facilmente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como un enderezo para a recepción das posibles reclamacións.

CAPÍTULO II. SOBRE AS MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE

SUBCAPÍTULO 1º. VENDA AMBULANTE EN MERCADOS PERIÓDICOS

Artigo 11.–Réxime de funcionamento

a) As feiras e mercados periódicos que se fan no concello de Narón son:

1.º.–A feira do Trece, sita na parroquia de Sedes, no lugar coñecido como " O Trece", que se celebra todos os días trece de cada mes.

2.º.–O Mercado de Santa Icíá, que se fai o primeiro domingo de cada mes no barrio de Santa Icíá, coa excepción de que coincida o 1 de xaneiro en domingo, o cal se pasará a celebrar o seguinte domingo do mesmo mes.

b) O Concello resérvase a facultade de modificar a localización, así como o día e hora de celebración, se xurdisen necesidades xerais debidamente xustificadas.

c) A Administración resérvase a potestade de acordar, se xurdisen circunstancias de orde pública ou de interese xeral que así o aconsellen, a suspensión da celebración destes mercados polo tempo que resulte necesario para atender a prioridade xurdida, sen dereito a indemnización ningunha.

d) En ningún caso poderán establecerse novos mercados sen a autorización previa do Concello.

e) A non instalación de posto correspondente durante tres días consecutivos ou cinco alternos no ano suporá a retirada automática da autorización, salvo causa xustificada mediante escrito presentado no Concello.

f) En relación ao Mercado de Santa Icíá terá un horario de funcionamento de 9:30h a 14.00h.

Os vendedores ambulantes terán un horario de montaxe de postos de 8:00h a 9:30h.

Os vendedores ambulantes terán un horario de desmontaxe dos postos: de 14:30h a 15:30h

Queda prohibida a desmontaxe dos postos antes das 14:00h.

3.º.–Instalación

A venda autorizarase en postos ou instalacións desmontables que terán unhas dimensións axeitadas ás características de cada autorización.

Todo mercado periódico terá unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene e respecto ao medio urbano e veciñal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes esixencias:

a.1) O mercado deberá instalarse sobre unha superficie pavimentada.

a.2) Dentro da superficie do mercado existirán depósitos destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

Os postos serán desmontables e os vendedores de artigos de alimentación estarán obrigados a dispoñer de instalacións de exposición, venda e almacenamento situadas a unha distancia do chan non inferior a 60 centímetros e, ademais, estarán dotadas de parasoles e protectores que eviten o deterioro ambiental e o contacto directo das mercadorías co público.

Todos os postos de alimentación non envasada contarán cun anteparo de protección para asegurar a protección dos produtos alimentarios.

4.º.–As prohibicións de venda de produtos destinados ao consumo son as previstas no artigo 4, sen prexuízo de que se respecten as autorizacións xa existentes para a venda de tales produtos, sempre que se cumpra a normativa específica aplicable e sen prexuízo de que, se xorden circunstancias de interese público que así o determinen, esta Administración decida a súa revogación, sen dereito a indemnización ningunha por esa causa a favor dos afectados.

5.º.–As persoas autorizadas, ao final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos de refugallos os respectivos espazos. Para estes fins deberán depositar o lixo nos depósitos colocados para tal efecto, desfacendo as caixas grandes para aproveitar axeitadamente a capacidade dos depósitos.

6.º.–Non se permite que os vendedores aparquen os seus vehículos dentro do recinto de venda, salvo que se trate de vehículos tenda. Non obstante poderán aparcar todos os vehículos polo tempo necesario para a instalación dos postos e sempre fora do horario de funcionamento do mercado.

7.º.–Queda expresamente prohibido:

a) Pernoctar nos respectivos vehículos dentro do recinto de venda.

b) Circular con calquera tipo de vehículo durante a celebración do Mercado.

c) Deixar estacionado o vehículo no recinto durante a celebración do evento.

Artigo 12.- Procedemento para a obtención da autorización para a instalación dun posto nos mercados

1º.- Será suficiente para o mantemento das condicións da autorización que esta sexa renovada no prazo que anualmente se estableza para tal fin.

2º.- No momento da renovación da autorización, abrirase un prazo de solicitude de cambio de postos, que será atendida en caso de que existan vacantes.

3º.- Cada ano, os postos que queden libres porque non foron renovados, serán ofertados a aqueles que así o solicitaran.

4º.- En función da zona do posto vacante, este só poderá ser ocupado por outro que se dedique á mesma actividade, polo que existirán listas de agarda na que se terá en conta a instalación de venda, concretamente:

- Venda de téxtil, complementos e outros
- Venda de alimentación
- Restauración
- Venda de postos de comida
- Venda de plantas, árbores...
- Venda de produtos da horta

5º.- A asignación destes novos postos realizarase en función da antigüidade da autorización.

6º.- A asignación destes novos postos consistirá no cambio co posto antigo significando a renuncia á anterior autorización.

7º.- Só en caso de que as vacantes non sexan cubertas polas persoas que xa gozaran de autorización previamente, serán asignadas a novas incorporacións.

Artigo 13.-Validez da autorización

As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento haberá de garantir a transparencia e imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

As autorizacións serán persoais e intransferibles e terán unha duración dun ano natural, prorrogable, salvo renuncia expresa do titular, retirada municipal da

autorización ou aparición de circunstancias que modifiquen as que motivaron o seu outorgamento.

A renovación da autorización producirase anualmente, de xeito automático e sen petición expresa, sempre que se presente a acreditación de estar de alta no RETA da Seguridade Social, a acreditación de estar ao día no pagamento de IAE e a acreditación de ter subscrito o seguro de responsabilidade civil.

O prazo para a presentación da documentación da renovación serán os días hábiles comprendidos entre o 1 e o 31 de xaneiro de cada ano.

Artigo 14.- Vixencia e renovación das autorizacións

As autorizacións renovaranse de forma automática, agás que a persoa interesada comunique expresamente e por escrito a súa vontade de non proceder á súa renovación. Se cumpren os requisitos as renovacións serán automáticas sen necesidade de ditar unha nova resolución de Alcaldía. Se non cumpren algún requisito requirirase a emenda deste e no suposto de non facelo no prazo concedido declararase a extinción da autorización por resolución de Alcaldía. En calquera caso, a duración da autorización e das súas correspondentes prórrogas non poderá superar os cinco anos. Ao transcorrer este prazo, a autorización quedará automaticamente caducada e a persoa interesada deberá, se é o caso, realizar unha nova solicitude.

Artigo 15.- Transmisión da autorización

A autorización será transmisíbel nos seguintes supostos:

1º.- No caso de falecemento ou renuncia expresa do/a titular, poderá autorizarse o cambio de titularidade a favor do/a cónxuxe ou parella de feito, descendentes ou ascendentes de primeiro grao do/a titular. De haber máis dun parente do mesmo grao, terá preferencia o que acredite a continuidade na actividade e, en situación de igualdade, a persoa de máis idade.

2º.- No caso de enfermidade do/a titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade, a Administración, a petición do/a titular, poderá autorizar o exercicio da venda ambulante ao cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou descendentes ata o primeiro grao de consanguinidade que estean designados na autorización. De non existiren substitutos/as terá dereito a reserva polo prazo da enfermidade, sempre que non supere o prazo de invalidez da Seguridade Social.

3º.- A Administración municipal considerará a conveniencia de outorgar, en determinados supostos debidamente comprobados, unha autorización provisional para o exercicio da venda ambulante por un tempo non superior a tres meses, prorrogables cando concorran circunstancias económicas e cargas familiares especialmente gravosas nos solicitantes.

4.º.-Iguualmente, poderase autorizar, para facilitar o gozo de vacacións do titular, a suplencia polo cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos ata o segundo grao de consanguinidade, ou ben a entrega do permiso á Administración durante o prazo de vacacións para que esta poida facer uso do espazo para conceder permisos provisionais. En ambos os dous supostos deberá a persoa titular aboar a taxa conforme á ordenanza correspondente e manterse en situación de alta no IAE e na Seguridade Social.

As administracións públicas poderán comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, e notificarlle, se é o caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír infracción á lexislación de defensa da competencia.

Artigo 16.- Extinción da autorización

Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta ordenanza, as autorizacións extínguense por:

- a) Transcurso do prazo polo que se outorgaron, sen solicitar a renovación.
- b) Falta de pago das taxas municipais correspondentes, dentro do prazo establecido para o efecto.
- c) Renuncia expresa e escrita do /a titular.
- d) Causas de interese público sobrevidas, incluso antes da terminación do prazo polo que se outorgou a autorización.
- e) Falecemento do/a titular.
- f) Perda dalgún dos requisitos establecidos no seu outorgamento.
- g) Non asistir a catro feiras ou mercados consecutivos ou seis alternos, ao longo da vixencia da autorización, agás causa xustificada que deberá pór en coñecemento do Concello, e quedará ao criterio do órgano que outorgou a autorización.
- h) Falta de pago das sancións municipais que se impuxesen.
- i) Cometer algunha das infraccións contidas nesta ordenanza.

Agás nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, e corresponderalle a súa resolución á Alcaldía.

Artigo 17.- Características especiais dos postos

- a) A lonxitude máxima dos postos será de 6 metros aínda que se poderá reducir e aumentar en casos debidamente xustificadas.
- b) Non poderán sobrevoar en máis de 2 metros a zona de rodadura da rúa sempre que permita un espazo de paso libre non inferior a 3 metros.
- c) Entre posto e posto deixarase o espazo suficiente para a circulación de persoas.
- d) Estes metros poderanse reducir en casos debidamente xustificadas previo informe do persoal municipal adscrito ao servizo.
- e) Non se poderán instalar postos de venda nas zonas de seguridade que serán delimitadas pola Policía Local.

Este tipo de venda só se poderá levar a cabo nos lugares habilitados tradicionalmente para tal fin, sen prexuízo de que o Concello, por motivos de interese público, poida suprimir os espazos tradicionais, modificar as súas características ou habilitar outros diferentes.

SUBCAPÍTULO 2º. VENDA AMBULANTE NOS MERCADOS FIXOS

Artigo 18.- Réxime de funcionamento

Tendo en conta a existencia de recintos feirais fixos, o Concello poderá acordar a instalación de mercados sectoriais para lograr a revitalización comercial dun sector artesanal ou de interese para a comarca. No devandito acordo fixaranse os seguintes apartados:

- a) A situación dos mercados
- b) As posibles especialidades respecto do réxime xeral de outorgamento de autorizacións e funcionamento dos mercados que establece esta ordenanza.
- c) Se o acordo de instalación de mercados sectoriais non dispón cousa diferente, o réxime de outorgamento de autorizacións e de funcionamento será o establecido nesta ordenanza con carácter xeral.
- d) O permiso de venda especificará a duración deste xeito de pagamento da taxa correspondente.

SUBCAPÍTULO 3º. VENDA AMBULANTE EN POSTOS DESMONTABLES E VÍAS PÚBLICAS AUTORIZADAS

Artigo 19.–Réxime de funcionamento

1.º.–O Concello poderá autorizar a venda en postos desmontables de enclave fixo, situados na vía pública, nalgunha das dúas modalidades seguintes:

a) Postos nos que o a súa instalación poida permanecer fixa durante todo o período de autorización.

b) Postos que deban retirarse a diario.

2.º.–A modalidade mencionada no parágrafo a), será admisible para postos de xeados, toldos e vendas en períodos estacionais.

3.º.–A modalidade de venda establecida no parágrafo b) poderá utilizarse para:

a) Venda de caramelos e produtos secos.

b) Postos destinados á venda de publicacións de carácter político, económico ou social.

c) Venda de produtos artesanais ou bixutería de escasa contía económica.

4.º.–As condicións particulares de funcionamento, duración do permiso e réxime de pagamento da taxa serán sinalados no acordo que conceda a autorización, e, no non previsto, aplicaranse as normas xerais establecidas nesta ordenanza para o exercicio da venda ambulante e as propias do bo desenvolvemento da práctica comercial.

Artigo 20.–Rúas nas que se permite este tipo de venda

Corresponderalle ao Concello determinar a zona de localización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, fóra da cal non poderá exercerse a actividade comercial. Os postos de venda ambulante non poderán situarse nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

Para cada localización concreta e por cada unha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria que o/a comerciante se propoña exercer, deberá solicitar unha autorización, que será outorgada polo Concello de Narón.

SUBCAPÍTULO 4º. VENDA AMBULANTE EN CAMIÓNS OU VEHÍCULOS TENDA

Artigo 21.- Réxime de funcionamento

Esta modalidade de venda só se poderá exercer dende un vehículo furgoneta e sen posto fixo, axustándose ás seguintes características e nos supostos contemplados no artigo 3 e.

1.º.–Os vehículos deberán dispor de cámara frigorífica en debidas condicións, cando os artigos obxecto de venda autorizados requiran determinadas condicións de frío ou refrixeración.

2.º.–A venda limitarase ao ámbito xeográfico ou perímetro do termo municipal que se sinale no respectivo permiso. O seu incumprimento motivará a retirada do permiso con prohibición de exercer a venda durante o tempo que se sinale, sen prexuízo doutra sanción que se determine.

3.º.–A autorización municipal de venda, a súa renovación e o pagamento das taxas fixarase no permiso, rexendo no non disposto as condicións xerais da presente ordenanza e da ordenanza fiscal que sexa de aplicación.

SUBCAPÍTULO 5º. VENDA DE PRODUTOS HORTOFRUTÍCOLAS DE TEMPADA POLOS PROPIOS PRODUTORES, COÑECIDO COMO RÉXIME DE CAMPESIÑAS

Artigo 22.–Réxime de funcionamento

Permíteselle a venda ás campesiñas de produtos de tempada que proveñan exclusivamente da súa horta tales como froitas, verduras, hortalizas, flores e os seus derivados.

Queda prohibida, en consecuencia, a revenda de todos aqueles produtos previamente adquiridos en almacéns de distribución, ou a outras persoas e, en xeral, de todos aqueles que teñan unha orixe diferente da horta propia.

Artigo 23.- Requisitos da autorización.

1º.- Para poder exercer este tipo de venda é necesario estar en posesión da autorización municipal especial correspondente, que ha de estar sempre visible para a comprobación policial.

Esta autorización será persoal e intransferible, pero, por causa debidamente xustificada, e de xeito excepcional, poderá actuar en nome da persoa titular, o/a cónxuxe ou fillos/as.

SUBCAPÍTULO 6º. VENDA AMBULANTE NO MARCO DAS FEIRAS CIDADÁNS.

Artigo 24.- Réxime de funcionamento

Esta modalidade de feiras funcionan baixo o principio da economía circular e se realizan nas seguintes condicións:

1º.- Trátase de feiras organizadas por entidades sociais ou polo propio Concello.

2º.- Debido as especiais características desta modalidade, a autorización realizarase ao conxunto da feira, non permitíndose a posta en práctica desta modalidade de forma individual.

3º.- Se realizan en lugares debidamente acondicionados e autorizados.

4º.- A modalidade poderá utilizarse para ofrecer:

- a) Produtos de segunda man
- b) Produtos artesanais de escasa contía económica.

CAPÍTULO III.- DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 25.- Dereitos

A autorización municipal supónlle os seguintes dereitos á persoa titular:

- a) Exercer a actividade de venda ambulante autorizada polo Concello, no horario e condicións marcadas na autorización.
- b) Solicitar a debida protección das autoridades locais e policía local, para poder realizar a actividade autorizada.
- c) No caso de supresión e/ou recolocación do mercado para o que se outorgou a autorización, a persoa titular da autorización municipal terá un dereito preferente a un novo posto no mercado que, no seu caso, substitúalle, manténdose, no posible, as condicións da autorización extinguida.
- d) Presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas en defensa dos seus dereitos e en beneficio do mellor funcionamento do mercado, no que se autoriza o exercicio da actividade.
- e) A expedición por parte do Concello da tarxeta identificativa.

- f) A coñecer o lugar onde se emprazará o seu posto, que en todo caso, deberá instalarse sobre superficie asfaltada, pavimentada ou cementada.
- g) As persoas titulares de autorización municipal para o exercicio da venda nos mercados periódicos de localización fixa, terán dereito a que nos devanditos mercados exista unha zona de colectores destinados á recollida dos residuos causados pola venda.

Artigo 26.- Obrigacións

A autorización municipal supónlle as seguintes obrigas á persoa titular:

a) Cando á venda:

1. Ter á vista a autorización formalizada polo Concello
2. Respetar os horarios da feira ou mercado no que estea autorizado/a, aínda que esgote as mercadorías
3. Ir a feira, manter o posto con actividade, ter que comunicarlle o Concello a ausencia temporal xustificada.
4. Realizar a venda daqueles produtos para os que estea autorizado/a
5. Cumprimento da normativa de protección ao consumidor e da que regula cada tipo de venda , a de prezos e etiquetado.
6. Conservar ás facturas e albaráns de entrega da mercadoría posta á venda.
7. Ser respectuoso/a coa clientela e cos/as axentes da autoridade encargados/as do control e vixilancia da feira ou mercado, exercer a súa actividade de xeito pacífico, evitar producir molestias aos/ás vendedores/as e público. Deberá acatar ás ordes das autoridades municipais ou encargados/as da boa orde no desenvolvemento do mercado e amosar a documentación requirida que habilite á venda.
8. Prohíbese o uso da megafonía no espazo da venda.

b) Con relación aos postos

1. Non se poderá utilizar un espazo superior ao da superficie autorizada. A montaxe e desmontaxe dos postos realizarase segundo as indicacións do persoal municipal adscrito ó servizo.
2. Deberán de conservarse os postos así como a superficie ocupada en perfecto estado de limpeza.
3. Prohíbese o emprego de ancoraxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos. No caso de ocasionar danos o mobiliario urbano deberán ser reparados os posibles desperfectos.

Artigo 27.–Réxime de pagamento da taxa municipal por ocupación de dominio público

1.º.- O Concello poderá fixar mediante a correspondente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno, as taxas para o exercicio da actividade no dominio público municipal.

2.º.–A correspondente taxa por ocupación do dominio público liquidarase anualmente, podendo ser a xeración de obrigas semestral ou anual, a xuízo da Administración. O pagamento rexerese polo establecido na ordenanza fiscal reguladora da correspondente taxa.

3.º.–O non pagamento da taxa, total ou parcial dalgún dos períodos, dará lugar á retirada de autorización previa instrución de expediente con audiencia ao interesado.

O Pleno do Concello de Narón aprobou o día 29/10/2020 a modificación da ordenanza fiscal nº 27 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento do dominio público local, a cal fai referencia á diversas tarifas.

CAPÍTULO IV.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 28.–Clases de infraccións

1.–O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como das determinadas na normativa reguladora do comercio polo miúdo e da defensa dos consumidores e usuarios, dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador que se axustará ás determinacións do RD 1398/1993, do 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

Segundo o regulado no artigo 104 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, terán a consideración de **infraccións leves**:

- As simples inobservancias das disposicións establecidas na presente lei que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.
- Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.
- Non facer a limpeza do espazo ocupado polo posto ao rematar a xornada feiral.

- Producir ruídos, berros ou música que incumpran a ordenanza de ruídos e vibracións.
- Montar e desmontar dentro do período de funcionamento.
- En xeral, incumprir as obrigacións establecidas na presente lei que non sexan obxecto de sanción específica.

Terán a consideración de **infraccións graves**, no referente á venda ambulante ou non sedentaria.

- A reiteración en dúas faltas leves.
- Practicar a venda fóra dos perímetros e/ ou lugares autorizados ou con transgresión dos días e horas establecidos.
- Practicar a venda por calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos na presente lei, nos regulamentos ou ordenanzas reguladoras.
- Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas na presente lei, nos regulamentos ou ordenanzas reguladoras.
- Negarse ou resistirse a mostrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades ou os seus axentes no exercicio das súas funcións de comprobación e/ou facilitar información inexacta ou incompleta.
- Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.
- Non acreditar mediante a factura ou a autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
- Instalar o posto nun lugar distinto ao autorizado.
- A venda de produtos distintos dos autorizados.
- A desobediencia a atender as normas de orde e indicacións da Policía municipal e do persoal designado polo Concello de Narón adscrito ao servizo.
- Negarse ou resistirse a fornecer datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou o seu funcionario/a e axentes da administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación, e a subministración de información inexacta ou incompleta.
- Esixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.
- Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicitou de conformidade coa normativa de aplicación e teña carácter esencial, dea lugar a graves danos ou exista intencionalidade.
- Deixar o vehículo estacionado durante a celebración do evento.

Terán a consideración de **infraccións moi graves**:

- A reiteración en dúas faltas graves.
- Negarse ou resistirse a mostrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou os seus axentes no exercicio das súas función de comprobación, cando se efectúe a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.
- Instalar un posto sen autorización.
- Circular cun vehículo a motor durante a celebración do evento.
- Reincidencia na comisión de infraccións graves.

Entenderase por reincidencia a comisión, no período de dous anos, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así sexa declarado por unha resolución firme.

Artigo 29.–Competencia sancionadora

En todo caso, as infraccións tipificadas no artigo anterior e clasificadas como infraccións leves, graves ou moi graves, cando sexan relativas á venda ambulante ou non sedentaria, sancionaranse pola Alcaldía, de conformidade co previsto no artigo 113.4 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Artigo 30.–Sancións

As infraccións darán lugar ás seguintes sancións:

1. Apercibimento á persoa infractora.
2. Multa
3. Incautación e perda da mercadoría
4. Suspensión da actividade comercial da que se trate por un prazo non superior a un ano.
5. Revogación da autorización.

Artigo 31.–Contía das multas

Ao abeiro do previsto no artigo 110 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia as contías das multas serán as seguintes:

- As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de ata 750 €
- As infraccións graves sancionaranse con multa de 750,01 € ata 1500 € ou suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles.
- As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 1500,01 € ata 3.000 €, suspensión temporal da autorización de 30 días hábiles a seis meses ou revogación da autorización sen dereito a indemnización, ata coa posibilidade

de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Ademais, no caso de infracción moi grave poderá impoñerse a sanción da prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio por un período de ata un ano.

Artigo 32.–Gradación das sancións

Para a gradación das infraccións e sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, a natureza dos prexuízos causados, o grao de voluntariedade ou intencionalidade da persoa infractora, a contía do beneficio obtido, a capacidade ou solvencia económica da empresa, o período de tempo durante o cal se cometeu a infracción e a reincidencia.

Artigo 33.–Prescrición das infraccións

As infraccións reguladas nesta ordenanza prescribirán aos tres anos as cualificadas como moi graves, aos dous anos as cualificadas como graves e aos seis meses as cualificadas como leves.

Disposición transitoria

1.Os /as comerciantes ambulantes que veñan exercendo este tipo de venda no momento da entrada en vigor desta norma e que reúnan os requisitos nela establecidos conservarán, na medida do posible, o lugar no que se veñen instalando, tendo en conta que en calquera momento se pode realizar unha reestruturación dos espazos, para o que deberán obter a preceptiva autorización municipal no prazo dun mes contado dende a súa entrada en vigor.

2.O prazo de vixencia das autorizacións ás que fai referencia o artigo 11 computarase dende a concesión da licenza.

Disposición derradeira primeira

Queda derogada a Ordenanza reguladora da venda ambulante aprobada definitivamente o día 30 de outubro de 2008 (BOP nº 43, do 21 de febreiro de 2009)

As normas contidas nesta ordenanza son complementarias neste municipio, á Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, ao Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e á Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, quedando derogadas ou modificadas polas normas regulamentarias ou outras disposicións de desenvolvemento ou complementarias que se ditén en diante, en canto se opoñan a ela.

Disposición derradeira segunda

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.